



IES LUIS SEOANE

CICLO SUPERIOR DE ADMINISTRACIÓN E FINANZAS

Módulo: PROXECTO EMPRESARIAL

Profesor: Francisco Álvarez Pérez

O PLAN DE EMPRESA

PLAN DE PRODUCCIÓN OU PRESTACIÓN DO SERVIZO 2

Equipamento, instalacións e tecnoloxía

Proceso de fabricación ou de prestación do servizo

Aprovisionamento

Control de calidade e innovación

PLAN DE PRODUCCIÓN OU PRESTACIÓN DO SERVIZO

No apartado de “política do produto” do plan de marketing xa fixemos unha detallada análise dos produtos e/ou dos servizos dende o punto de vista comercial. Esta análise, que se fundamentaba na segmentación de mercados (clientes obxectivos) e nos obxectivos e políticas de marketing, serviu para definir con precisión os produtos ou servizos que se ofrece aos clientes e que están deseñados para satisfacer as súas necesidades.

Neste apartado do plan de empresa debemos detallar os recursos materiais necesarios, é dicir, equipamento e instalacións; e teremos que detallar tamén o proceso para fabricar os produtos terminados así como as materias primas e os aprovisionamentos necesarios para elaboralos.

Se falamos de servizos teremos que explicar o proceso organizativo dende que o cliente realiza o encargo ata completar a realización do mesmo ou no caso do comercio o proceso dende a compra dos produtos ata a venda ós clientes.

Todas as previsións deben facerse para un período de 5 anos. Pode haber produtos ou servizos que se empecen a ofrecer a partires do segundo ano, por exemplo, ou equipamento que necesitemos a partir do terceiro ano.

Se non temos experiencia no sector teremos que informarnos sobre o funcionamento das empresas da competencia. Unha axuda moi útil pode ser as guías de actividade que publica o Centro de empresas e innovación de Galicia (BIC Galicia), <http://guias.bicgalicia.es>.

No apartado de Plan de produción ou Plan de prestación do servizo teremos que falar de:

- *Equipamento e instalacións.*
 - Descrición técnica do equipamento necesario para desenvolver a actividade: terrenos, edificios, maquinaria, instalacións, mobiliario, ordenadores, etc. Pode ser útil facer unha separación do equipamento por departamentos, por exemplo, ordenadores do departamento de produción, ordenadores do departamento de administración, etc.

- Planos das instalacións e locais.
- No caso de equipos moi específicos, tamén se informará dos provedores de inmovilizado que os suministran.
- *Proceso de fabricación ou prestación do servizo*

Por proceso de fabricación imos entender todo o proceso organizativo da empresa que vai dende a entrada dos aprovisionamentos necesarios ata que o produto ou servizo chega ao cliente, incluíndo, no seu caso, as tarefas de servizo postventa.

É conveniente que o proceso productivo se represente gráficamente por medio dun diagrama no que tamén figuren os tempos de execución.

Detallaremos neste apartado:

 - Fases que compoñen o proceso de produción de cada un dos produtos e servizos.
 - Operacións a realizar en cada fase.
 - Fases do proceso que se subcontratan.
 - Tecnoloxía a empregar
 - Criterios de funcionamento dos almacéns de produtos terminados
- *Aprovisionamento*
 - Materias primas a utilizar.
 - Criterios de selección de provedores.
 - Provedores das materias primas.
 - Criterios de reposición, prazos de entrega, formas de pago.
 - Criterios de funcionamento dos almacéns de materias primas
- *Control de calidade e innovación*
 - Sistemas de control para asegurar a calidade dos produtos ou servizos
 - Certificacións de calidade estandarizadas ISO.
 - Sistemas de recollida de información do mercado.
 - Procedementos para asegurar a innovación na empresa.